



Allariz

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía n.º 2017-0106, con data 20 de decembro de 2017, aprobáronse as bases e a convocatoria para a constitución dunha bolsa de emprego para cubrir o/os posto/s de traballo de auxiliares do servizo de axuda no fogar, en réxime de persoal laboral e as posibles vacantes subseguintes, polo sistema de concurso de méritos.

As bases integras que rexerán a convocatoria figuran publicadas no taboleiro de anuncios do concello (Praza Maior, 1) e na páxina da sede electrónica do concello allariz.sedelectronica.gal.

A partir desta publicación, ábrese o prazo de sete días hábiles para a presentación de instancias.

O secretario. Asdo.: Maximino Jardón Pedras.
Documento asinado electronicamente.

Anuncio

Por Resolución de la Alcaldía n.º 2017-0106, de fecha 20 de diciembre de 2017, se aprobaron las bases y la convocatoria para la constitución de una bolsa de empleo para cubrir el/los puesto/s de trabajo de auxiliares del servicio de ayuda en el hogar, en régimen de personal laboral y las posibles vacantes subsiguientes, por el sistema de concurso de méritos.

Las bases íntegras que regirán la convocatoria figuran publicadas en el tablón de anuncios del ayuntamiento (Praza Maior, 1) y en la página de la sede electrónica del ayuntamiento (allariz.sedelectronica.gal).

A partir de esta publicación, se abre el plazo de siete días hábiles para la presentación de instancias.

El secretario. Fdo.: Maximino Jardón Pedras.
Documento firmado electrónicamente.

R. 3.992

Castro Caldelas

Anuncio

Publicase que o Concello de Castro Caldelas, por Decreto da Alcaldía de data 20 de decembro de 2017, aprobou as bases e a convocatoria de subvencións do Programa de rexeneración e renovación urbana do Plan estatal de fomento do alugueiro de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016 para as Áreas de Rexeneración e Renovación Urbanas do Casco Histórico de Castro Caldelas, cuxo texto é o seguinte:

Bases reguladoras e convocatoria de subvencións das actuacións de rehabilitación na Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Centro Histórico de Castro Caldelas

Índice

- Artigo 1. Obxecto
- Artigo 2. Ámbito das actuacións a subvencionar
- Artigo 3. Actuacións subvencionables
- Artigo 4. Requisitos xerais
- Artigo 5. Beneficiarios/as das subvencións
- Artigo 6. Obrigas dos/as beneficiarios/as
- Artigo 7. Características das axudas económicas
- Artigo 8. Contía das axudas económicas
- Artigo 9. Orzamento protexible

- Artigo 10. Límites xerais das subvencións
- Artigo 11. Compatibilidade das axudas
- Artigo 12. Normas xerais
- Artigo 13. Criterios para concesión das subvencións
- Artigo 14. Solicitude oficial de axuda e documentación
- Artigo 15. Fases do procedemento
- Artigo 16. Inicio das obras
- Artigo 17. Execución das obras
- Artigo 18. Remate das obras
- Artigo 19. Cualificación definitiva e pagamento das axudas
- Artigo 20. Causas de denegación e perda das axudas
- Artigo 21. Reintegro das subvencións
- Artigo 22. Normativa de aplicación
- Artigo 23. Tratamento de datos de carácter persoal.
- Artigo 24. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras

Artigo 25. Vixencia Exposición de motivos

I. En desenvolvemento dos acordos da comisión bilateral asinados entre o Ministerio de Fomento do Goberno de España, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Castro Caldelas con data 26 de outubro de 2017 para o financiamento da Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Centro Histórico de Castro Caldelas (ARRU de Castro Caldelas) declarada no termo municipal, e dando cumprimento ao compromiso asumido por este concello no acordo cuarto do dito convenio, regúlanse nestas bases os criterios e procedementos que cómpre seguir para acceder ás axudas públicas destinadas á rehabilitación de edificios e vivendas no ARRU de Castro Caldelas.

II. Os programas de actuación subvencionados abranguen a rehabilitación de edificios, as vivendas e as súas instalacións. Con este programa téntase estimular a rehabilitación integral dos ámbitos territoriais delimitados na ARRU de Castro Caldelas, tanto na súa dimensión física como na súa necesaria revitalización social, económica e cultural.

III. Con carácter xeral, poderán acollerse ás subvencións previstas nesta ordenanza aquelas actuacións de rehabilitación de inmóbeis que se atopen situados dentro da ARRU de Castro Caldelas e que sexan conformes coas condicións e limitacións establecidas normativamente.

IV. Na redacción destas bases tívose en conta o disposto na vixente Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, aplicable ás entidades que integran a Administración Local, e na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, en tanto que normas reguladoras das bases de concesión das subvencións.

Artigo 1.- Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular, a concesión de subvencións para a rehabilitación de vivendas e/ou edificios dentro da Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Centro Histórico de Castro Caldelas (de aquí en adiante ARRU de Castro Caldelas), tamén denominada Área de Rehabilitación do Centro Histórico de Castro Caldelas, en base ao acordos da comisión bilateral subscrito entre o Ministerio de Fomento do Goberno de España, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia e o Concello de Castro Caldelas en data 26 de outubro de 2017.

Artigo 2.- Ámbito das actuacións a subvencionar